



GREGO II

OPCIÓN 1: XENOFONTE

I.- TRADUCCIÓN (Puntuación máxima: sete puntos)


ALCIBÍADES INCITA A COMBATER POR TÓDOLOS MEDIOS.

Τῆ δὲ ὑστεραία Ἀλκιβιάδης ἐκκλησίαν ποιήσας παρεκελεύετο αὐτοῖς ὅτι ἀνάγκη  καὶ ναυμαχεῖν καὶ πεζομαχεῖν καὶ τειχομαχεῖν. Οὐ γὰρ ἔστιν, ἔφη, χρήματα  ἡμῖν, τοῖς δὲ πολεμίοις ἄφθονα παρὰ βασιλέως.

NOTAS.- 1. Τῆ δὲ ὑστεραία, sobreenténdese ἡμέρα, ‘o día seguinte’. 2. Ἀλκιβιάδης, nominativo de singular, ‘Alcibíades’, estratego ateniense. 3. εἴη é optativo oblicuo: tradúzase ‘era’ e non ‘sería’. 4. ἡμῖν, τοῖς δὲ πολεμίοις son dativos posesivos con ἔστιν.

II.- PREGUNTAS (Puntuación máxima: tres puntos)

a) Contestar a dúas de estas tres PREGUNTAS

1. Análise sintáctica de Ἀλκιβιάδης ἐκκλησίαν ποιήσας παρεκελεύετο αὐτοῖς ὅτι ἀνάγκη  ... ναυμαχεῖν ...
2. Cite e explique algúns exemplos de vocabulario actual relacionado con ἐκκλησία ‘assemblea, xuntanza’ e con χρήματα ‘riquezas, recursos’.
3. ¿En qué guerra participou Alcibíades e qué desenlace tivo esa guerra?


b) Contestar obrigatoriamente:

¿Cáles son as cuestións principais que se debaten en *As Nubes* de Aristófanes?

OPCIÓN 2: TUCÍDIDES

I.- TRADUCCIÓN (Puntuación máxima: sete puntos)

S LACEDEMONIOS, APURADOS POLA GUERRA, SOLICITAN E OBTENEN ALIADOS.

Λακεδαιμόνιοι δέ, ὡς αὐτοῖς πρὸς τοὺς ἐν Ἰθώμῃ ἐμηκύνετο ὁ πόλεμος, ἄλλους τε ἐπεκαλέσαντο ξυμμάχους καὶ Ἀθηναίους· οἱ δὲ λθον Κίμωνος στρατηγοῦντος πλήθει οὐκ ὀλίγω.

NOTAS.- 1. Λακεδαιμόνιοι, nominativo de plural, ‘lacedemonios’ ou ‘espartanos’. 2. πρὸς τοὺς ἐν Ἰθώμῃ, o artigo πρὸς τοὺς sustantiva a ἐν Ἰθώμῃ: ‘contra os de Itome’, (Itome, monte e cidade de Mesenia, en Grecia). 3. Ἀθηναίους, acusativo de plural, ‘atenienses’. 4. Κίμωνος, ‘Cimón’; Κίμωνος στρατηγοῦντος, xenitivo absoluto.

II.- PREGUNTAS (Puntuación máxima: tres puntos)

a) Contestar a dúas de estas tres PREGUNTAS

1. ¿Qué feito histórico narrou Tucídides? ¿Qué causas e qué desenlace tivo?
2. Análise sintáctica de Λακεδαιμόνιοι δέ, ὡς αὐτοῖς ... ἐμηκύνετο ὁ πόλεμος, ἄλλους ἐπεκαλέσαντο ξυμμάχους.
3. Cite e explique algúns exemplos de vocabulario actual relacionado con πόλεμος ‘guerra’ e con στρατηγέω ‘mandar, dirixir’.

b) Contestar obrigatoriamente: ¿Cáles son as cuestións principais que se debaten en *As Nubes* de Aristófanes?

GREGO II

OPCIÓN 1: XENOFONTE

I.- TRADUCCIÓN (Puntuación máxima: sete puntos)

COMBATE NAVAL ENTRE ATENIENSES E LACEDEMONIOS.

Ἐκ τούτου δι᾽ ἐναυμάχησαν οἱ μὲν Λακεδαιμόνιοι ἐν τάξει, οἱ δὲ Ἴ�θηναῖοι διεσπαρμέναις ταῖς ναυσὶν, μέχρι οὗ ἔφυγον ἀπολέσαντες πεντεκαίδεκα τριήρεις. Τῶν δὲ ἀνδρῶν οἱ μὲν πλεῖστοι ἐξέφυγον, οἱ δὲ ἔσχατοι ἠσπασθησαν.

NOTAS.- 1. Ἐκ τούτου con valor temporal. 2. Λακεδαιμόνιοι, Ἄθηναῖοι, nominativos de plural, 'lacedemonios', 'atenienses', ambos son suxeitos do verbo ἐναυμάχησαν. 3. ἀπολέσαντες, participio de aoristo de ἀπόλλυμι.

II.- PREGUNTAS (Puntuación máxima: tres puntos)

a) Contestar a dúas de estas tres PREGUNTAS

1. ¿De qué conflicto e con qué desenlace se ocupa Xenofonte?
2. Cite e explique algúns exemplos de vocabulario actual relacionado con ἀνήρ, ἀνδρός 'varón' e con ναῦς 'nave'.
3. Analice morfolóxicamente ἐναυμάχησαν e διεσπαρμέναις.

b) Contestar obrigatoriamente:

Liñas xerais do argumento e espírito da *Iliada*.

OPCIÓN 2: TUCÍDIDES

I.- TRADUCCIÓN (Puntuación máxima: sete puntos)

PRIMEIRAS MEDIDAS DE ATENAS Ó TER A HEXEMONÍA NA HÉLADE.

Παραλαβόντες δὲ οἱ Ἀθηναῖοι τὴν ἡγεμονίαν ἐκόντων τῶν ξυμμάχων διὰ τὸ Πausανίου μῖσος, ἔταξαν τὰς πόλεις αἱ παρείχοντο χρήματα καὶ ναῦς πρὸς τὸν βάρβαρον.

NOTAS.- 1. οἱ Ἀθηναῖοι, nominativo de plural, 'os atenienses'. 2. ἐκόντων τῶν ξυμμάχων, xenitivo absoluto; del depende διὰ τὸ Πausανίου μῖσος. 3. Πausανίου, xenitivo de singular, 'Pausanias' (un espartano). 3. πρὸς 'contra'.

II.- PREGUNTAS (Puntuación máxima: tres puntos)

a) Contestar a dúas de estas tres PREGUNTAS

1. ¿Cáles foron as bases principais da hexemonía ateniense?
2. Análise morfolóxica de παραλαβόντες e de ἔταξαν.
3. Cite e explique algúns exemplos de vocabulario actual relacionado con μῖσος 'odio, xenreira' e con πόλις 'cidade'.

b) Contestar obrigatoriamente:

Liñas xerais do argumento e espírito da *Iliada*.

CONVOCATORIA DE XUÑO

OPCIÓN 1: XENOFONTE

I.- Traducción (Puntuación máxima: 7 puntos)

ALCIBÍADES INCITA A COMBATER POR TÓDOLOS MEDIOS.

TRADUCCIÓN: *Ó día seguinte, Alcibiades, despois de facer unha asemblea, arengábaos dicíndolles que era necesario combater por mar, en terra e contra as defensas. “Pois non temos, dicía, recursos, pero os inimigos téñenos abundantes por parte do rei (de Persia)”.*

II.- Preguntas (Puntuación máxima: tres puntos)

a) Contestar a dúas de estas tres preguntas:

1. Análise sintáctica de Αλκιβιάδης ἐκκλησίαν ποιήσας παρεκελεύετο αὐτοῖς ὅτι ἀνάγκη εἶη ... ναυμαχεῖν ...

RESPOSTA: Ἀλκιβιάδης, suxeito do verbo principal παρεκελεύετο; con ese suxeito concorda o participio ποιήσας, que ten como complemento directo ἐκκλησίαν. Complemento indirecto de παρεκελεύετο é αὐτοῖς. O verbo principal παρεκελεύετο rexe a subordinada completiva ὅτι ἀνάγκη εἶη na que co verbo copulativo εἶη son suxeitos os infinitivos ναυμαχεῖν καὶ πεζομαχεῖν καὶ τειχομαχεῖν e é predicado ἀνάγκη.

2. Cite e explique algúns exemplos de vocabulario actual relacionado con ἐκκλησία ‘assemblea, xuntanza’ e con χρήματα ‘riquezas, recursos’.

RESPOSTA: De ἐκκλησία ó través do latín cristián temos o semicultismo *iglesia*, en galego *igrexa*, e os seus derivados; sen evolución, pero con sufixos diversos temos os cultismos *eclesiástico*, *eclesial*.

De χρήματα temos *crematística* ou actividade de negocios, de crear e adquirir riqueza. Erro frecuente foi *crematorio* e afíns.

3. ¿En qué guerra participou Alcibiades e qué desenlace tivo esa guerra?

RESPOSTA: Na Guerra do Peloponeso (431-404 a.C.), entre as ligas encabezadas por Esparta (oligarquía militarista) e Atenas (democracia talasocrática e imperialista). Derrota de Atenas e, como consecuencia máis importante, liquidación definitiva do sistema de *póleis* ou cidades-estados independentes para dar paso a ligas, confederacións, etc. que anuncian o *helenismo* de Filipe e Alexandro Magno.

OPCIÓN 1 e 2

b) Contestar obrigatoriamente: ¿Cáles son as cuestións principais que se debaten en *As Nubes* de Aristófanes?

RESPOSTA: Crítica de Sócrates, mal confundido cos Sofistas, e da súa ensinanza, que se reparte entre necidades inútiles e a Retórica, obra dos Sofistas, que segundo os seus detractores serve principalmente para que o error e a inxustiza triúnfen sobre a verdade e a xustiza: debate entre o *discurso inxusto* e o *discurso xusto*. Crítica da educación e das modas “modernas” que levan a que un fillo, ademais de vago e derrochador, chegue a pegar ó seu pai; eloxio dos vellos tempos y da moral social tradicional.

OPCIÓN 2: TUCÍDIDES

I.- Traducción (Puntuación máxima: sete puntos)

OS LACEDEMONIOS, APURADOS POLA GUERRA, SOLICITAN E OBTENEN ALIADOS.

TRADUCCIÓN: *Os lacedemonios, como se lles alongaba a guerra contra os de Ítome, chamaron outros aliados e ós atenienses. Estes acudiron en número non pequeno ó mando de Cimón.*

II.- PREGUNTAS (Puntuación máxima: tres puntos)

a) Contestar a dúas de estas tres PREGUNTAS

1. ¿Qué feito histórico narrou Tucídides? ¿Qué causas e qué desenlace tivo?

RESPOSTA: Guerra do Peloponeso (431-404 a.C.), entre as ligas encabezadas por Esparta (oligarquía militarista) e Atenas (democracia talasocrática e imperialista). A súa causa foi o imperialismo crecente de Atenas e o medo de Esparta e aliados a se ver sometidos. Derrota de Atenas e, como consecuencia máis importante, liquidación definitiva do sistema de *póleis* ou cidades-estados independentes para dar paso a ligas, confederacións, etc. que anuncian o *helenismo* de Filipe e Alexandro Magno.

2. Análise sintáctica de Λακεδαιμόνιοι δέ, ὡς αὐτοῖς ... ἐμηκύνετο ὁ πόλεμος, ἄλλους ἐπεκαλέσαντο ξυμμάχους.

RESPOSTA: Suxeito Λακεδαιμόνιοι; verbo principal ἐπεκαλέσαντο, con complemento directo ἄλλους ξυμμάχους; ὡς introduce unha oración subordinada causal con verbo ἐμηκύνετο, da que o suxeito é ὁ πόλεμος e o complemento indirecto αὐτοῖς, pronome anafórico que repite ou recolle o suxeito *Lacedemonios* da oración principal.

3. Cite e explique algúns exemplos de vocabulario actual relacionado con πόλεμος ‘guerra’ e con στρατηγέω ‘mandar, dirixir’.

RESPOSTA: De πόλεμος temos *polémica*, *polemista*, *polemología* ... e outras voces que aluden a discusión, enfrontamento, guerra ...

De στρατηγέω temos *estratego*, *estrategia*, *estratégico*, etc. que aluden á arte ou capacidade de mando militar e as súas operacións.

CONVOCATORIA DE SETEMBRO

OPCIÓN 1: XENOFONTE

I.- Traducción (Puntuación máxima: sete puntos)

COMBATE NAVAL ENTRE ATENIENSES E LACEDEMONIOS.

TRADUCCIÓN: *Seguidamente os lacedemonios libraron combate naval en formación, pero os atenienses (libraron combate naval) cas naves dispersas, hasta que fuxiron tras perder quince trirremes. Dos homes, a maioría fuxiron, pero algúns foron feitos prisioneiros.*

II.- Preguntas (Puntuación máxima: tres puntos)

a) Contestar a dúas de estas tres PREGUNTAS

1. ¿De qué conflito e con qué desenlace se ocupa Xenofonte?

RESPOSTA: Nas súas *Helénicas* Xenofonte continúa o relato que Tucídides deixou inacabado da Guerra do Peloponeso (431-404 a.C.), entre as ligas encabezadas por Esparta (oligarquía militarista) e Atenas (democracia talasocrática e imperialista). A súa causa foi o imperialismo crecente de Atenas e o medo de Esparta e aliados a se ver sometidos. Derrota de Atenas e, como consecuencia máis importante, liquidación definitiva do sistema de *póleis* ou cidades-estados independentes para dar paso a ligas, confederacións, etc. que anuncian o *helenismo* de Filipe e Alexandro Magno.

2. Cite e explique exemplos de vocabulario actual relacionado con ἄνθρωπος ‘varón’ e ναῦς ‘nave’.

RESPOSTA: Co lexema *andro-* ‘de varón, viril’ temos *androloxía, androceo, andróxino...* Erro frecuente e comprensible é citar termos con *antropo-* ‘home, ser humano’.

De ναῦς temos *náutica, cosmonauta, astronauta* e todo canto alude a navegación en distintos medios. Erro frecuente e comprensible foi citar *nave, naval, navegar* ... que son de orixe latino, *navis*, e da mesma raíz que a base grega.

3. Analice morfolóxicamente ἐναυμότησιν e διεσπαρμέναις.

RESPOSTA: ἐναυμότησιν: 3ª persoa de plural do aoristo (sigmático) de indicativo, voz activa, do verbo (contracto) ναυμαχέω. Aumento ε-, raíz ναυμάχη-, sufixo de aoristo -σα-, desinencia de 3ª de plural -ν.

διεσπαρμέναις: Dativo de plural feminino do participio de perfecto, voz media, de διασπείρω. Preverbio δια- con elisión; aumento verbal ε- que suple a reduplicación de perfecto, raíz σπαρ-, sufixo

participial -μεν- e desinencia -αις de dativo de plural de primeira declinación.

OPCIÓN 2: TUDÍIDES

I.- Traducción (Puntuación máxima: sete puntos)

PRIMEIRAS MEDIDAS DE ATENAS Ó TER A HEXEMONÍA NA HÉLADE.

TRADUCCIÓN: *Despois de se facer os atenienses ca hexemonía co consentimento dos aliados polo seu medo a Pausanias, fixaron as cidades que aportaban diñeiro e naves contra o bárbaro (= rei de Persia).*

II.- Preguntas (Puntuación máxima: tres puntos)

a) Contestar a dúas de estas tres PREGUNTAS

1. ¿Cáles foron as bases principais da hexemonía ateniense?

RESPOSTA: O seu poder marítimo, a súa política imperialista de sometemento doutras cidades e o seu réxime democrático de cidade aberta con industria e comercio moi activos.

2. Analice morfolóxica de παραλαβόντες e de ἔταξαν.

RESPOSTA: Παραλαβόντες: nominativo de plural masculino do participio aoristo (segundo ou temático) de παραλαμβάνω: παρα- preverbio, λαβ- raíz do tema de aoristo, -ο- vocal temática, -ντ- sufixo de participio, -ες desinencia de nominativo plural da terceira declinación.

ἔταξαν: 3ª persoa de plural de aoristo (sigmático) de indicativo do verbo τάσσω ou τάπτω: aumento ε-, tema verbal ταγ-, sufixo de aoristo -σα- e desinencia de 3ª de plural -ν. O encontro de -γ- e -σ- resólvese na grafía ξ (ks).

3. Cite e explique algúns exemplos de vocabulario actual relacionado con μῖσος ‘odio, xenreira’ e con πόλις ‘cidade’.

RESPOSTA: De μῖσος temos *misoxinia, misantropía, misógamo...* odio á muller, ó home, ó matrimonio. *Misonéismo*, odio ou aversión ás novidades (con νεός ‘novo’).

De πόλις temos *política* e todos os seus derivados, *politoloxía* e derivados, *acrópolis, metrópolis* e derivados, *necrópolis* ... Erro frecuente e non comprensible foi citar *polígono, politeísmo* ... e outros *poli-* de πολύς ‘moito’

OPCIÓN 1 e 2

b) Contestar obrigatoriamente: Liñas xerais do argumento e espírito da *Iliada*.

RESPOSTA: Cólera de Aquiles fronte a Agamenón porque o deshonra deixándoo sen o seu botín, a escrava Briseida. Aquiles retírase do combate e os aqueos vense en apuros, castigados por Apolo ca peste. Patroclo, amigo de Aquiles, sae a loitar cas armas de este, pero morre a mans do troiano Héctor. Aquiles toma vinganza de Patroclo en combate con Héctor, ó que derrota e mata. A obra remata co pranto de Príamo, pai de Héctor, ante Aquiles, que consinte en lle entregar o cadáver de Héctor.

Mundo aristocrático, de nobres iguais presididos por un soberano ou *rei de reis*. Subordinación absoluta do pobo, mera comparsa do aristócrata e do seu benestar e gloria. A guerra como instrumento de riqueza e de fama. Sentimento exacerbado do valor persoal e da destreza no combate como medios para alcanzar honor e gloria imperecedeiros. Valóranse tamén elocuencia, prudencia na decisión e astucia e intelixencia práctica. Alto aprecio dos lazos familiares, da amizade e da hospitalidade, que pode estar por riba da condición obrigada de inimigos no campo de batalla. Mundo no que acción humana e acción divina non teñen límites claros; a vontade divina, que non ten por qué ser xusta o razoada, intervén continuamente na acción humana e prevalece sempre sobre a vontade humana.